

OS ADXECTIVOS

O **adxectivo** é una clase de palabra que indica unha característica ou unha calidade do substantivo.

O NÚMERO DO ADXECTIVO

Segue as mesmas normas que o substantivo (mirade o substantivo no meu blog)

O XÉNERO DO ADXECTIVO

Só tedes que ter en conta as regras seguintes (o que quere dicir que en todos os demais casos segue as mesmas regras que o substantivo)

OS REMATADOS EN -ÓN fan o feminino en **-oa**: ladrón-ladroa.

-ona no caso de que sexan despectivos coma
lambona, cabezona...

OS REMATADOS EN -ÁN fan o feminino en **-á**: ourensán- ourensá.

-ana no caso de que sexan despectivos como
folgazana, mentirana...

EXCEPCIÓNS: marrá, nugallá, rufiá e truá
(manurutru)

OS GRAOS DO ADEXECTIVO

GRAO POSITIVO	Guapo, alto, moreno, trencó...
GRAO COMPARATIVO	-De igualdade : tan...como/coma -de inferioridade : menos...que/ca -de superioridade : máis...que/ca
GRAO SUPERLATIVO	-absoluto : -ísimo -relativo : a máis..de

Ponse **COMA E CA** se despois vai **un pronome persoal tónico** (eu, ti, el, ela, nós, vós, eles, elas)

Ponse **DO QUE** se despois vai **un verbo conxugado** (canto, xogas, baila, rimos, saltades, len)

Nos demais casosponse o que apeteza nese momento.

A FRASE ADXECTIVA

É aquela frase que ten como núcleo un adxectivo.

Exemplo: moi divertidas. A palabra máis importante é **divertidas** que é un adx. que vai modificado polo adverbio **moi**.

Fadx.

Mod núcleo

Moi divertidas

O adxectivo pode ser modificado por outro adxectivo ou por un adverbio.

Ex: moreno ceibo; moi alto.